

Unidade didáctica de Infantil e Primaria



8 de marzo 2009: "QUEREMOS ESTAR EN TODAS"

De novo o 8 de marzo, de novo dásenos a posibilidade de visibilizar como tema central nos medios de comunicación a situación das mulleres. Aínda que seguen oíndose voces sociais e políticas que proclaman que a desigualdade é cousa do pasado, aínda que se introduciron cambios lexislativos nos últimos anos en favor da igualdade de mulleres e homes, a realidade é moi teimuda e contumaz e o certo é que non é doado rematar con formas de pensar e de actuar que imperaron durante séculos.

A pesar do importante incremento de mulleres no mercado de traballo e de que as mulleres estamos hoxe significativamente máis preparadas que as de hai só dúas décadas, a pesar de que nós somos as que chegamos en maior número á Universidade, obtemos notas máis elevadas e finalizamos antes os estudos, porén o mercado de traballo non responde ás nosas expectativas.

Somos as mulleres as que seguimos sufrindo a discriminación laboral e temos máis dificultades para atopar emprego. Somos nós as que accedemos aos postos menos remunerados, aos de baixa cualificación e aos traballos a tempo parcial. Somos nós as que sufrimos a discriminación salarial e as que, só polo feito de sermos mulleres, recibimos salarios inferiores aos dos varóns en postos de igual categoría. Somos nós as que sufrimos a crise e o desemprego antes que os homes, superando a nosa taxa de paro en dez puntos á masculina. Somos nós as que sufrimos a falta de implicación dos nosos compañeiros nas tarefas familiares, obrigas domésticas e coidado de fillos e fillas, soportando xornadas interminábeis, dificultades no acceso ao emprego e, en moitos casos, isto leva aparelado a renuncia a postos que poidan dificultar a conciliación, ou ben a aceptación de modalidades de contrato a tempo parcial ou traballo precario. Somos nós as que temos maior perigo de exclusión social, especialmente as inmigrantes. Somos nós as que formamos a maior parte das familias monoparentais -aínda que habería que chamalas "monomarentais"- e, por iso, sufrimos problemas económicos, insuficiencia de servizos de garderías e de atención a persoas dependentes. Somos tamén nós as que sufrimos a segregación horizontal, que segue a estar presente a través duns traballos claramente feminizados e doutros masculinizados, véndonos limitadas a sectores máis reducidos que os dos homes, como demostra o feito de que, en Europa, case o 40% das mulleres traballamos na sanidade, a educación e a administración pública, comparado co 20% de homes, e que só o 31,80% dos postos directivos en empresas e na administración pública estivera en mans de mulleres en 2008. En termos xerais e tendo en conta todos estes factores, poderíamos concluir que as mulleres concentramos todos os índices que poden considerarse definitorios de precariedade laboral.

Por todo isto, é necesario librarse destes estigmas e romper estas cadeas opresoras herdadas do pasado. É obrigado reconecer que a metade da poboación ten problemas para vivir en igualdade de dereitos, é preciso librarse duns estereotipos de xénero que subxacen e impregnan profundamente esta sociedade na que nos tocou vivir e que impiden a construción dun mundo máis xusto e igualitario.

Os estereotipos de xénero están presentes en cada recuncho das nosas vidas, determinan as accións e mesmo as convicións de moitos e moitas e están tan interiorizados que se aceptan sen máis, sen os cuestionar e, xa que logo, sen os someter a revisión nin reaccionar ante eles.

Sen dúbida, isto inflúe na vida familiar, na vida laboral, nas relacións persoais e sociais, nos intereses, na interpretación do noso contorno, etc., pero teñen unha importancia fundamental no presente e non é menos certo nin menos preocupante que inflúen na formación académica e na elección profesional dos homes e mulleres do futuro, que seguen estando claramente diferenciadas por nesgos de xénero. Aínda hoxe se clasifican os estudos, as carreiras e as profesións como de "homes" e "mulleres", como se isto evidenciase unha diferenza nas capacidades, intereses e motivacións que se supoñen propias dur ou doutro sexo. O feito de que haxa carreiras, como as enxeñarías, nas que non se supera o 30% de mulleres, é un indicador da segregación de xénero que segue impresa na nosa sociedade e da existencia dun forte compoñente de estereotipos sobre o papel social que se permite desenvolver a mulleres e homes no ámbito socio-laboral.

Por todo iso, desde a Asemblea de Mulleres do STEG, para erradicar todo tipo de discriminación de xénero, consideramos urxente rearmar a conciencia crítica sobre os mecanismos de perpetuación das desigualdades. Consideramos necesario romper cos estereotipos de xénero que impregnan a nosa sociedade abrila en igualdade de condicións e de dereitos a toda a poboación. Consideramos imprescindible educar en igualdade aos nosos fillos e fillas, aos nosos mozos, na escola e nas familias, así como en todos os ámbitos da súa vida. Só deste xeito lograremos vivir nunha sociedade plural e respectuosa, máis xusta e igualitaria.

Por iso, neste 8 de marzo, día Internacional das Mulleres,
QUEREMOS ESTAR EN TODAS.

Asemblea de Mulleres do STEG



Queremos estar en todas

"A proba para saber se podes facer un traballo ou non, non debería depender da organización dos teus cromosomas."

Bela Abzug (avogada e política estadounidense).

Parece mentira que en pleno século XXI teñamos que seguir reivindicando a necesidade de que as mulleres podemos e debemos estar en todos os traballos e as profesións que hai na nosa sociedade.

A persistencia das diferenzas entre homes e mulleres fai necesario cambios a nivel administrativo, social, educativo, familiar, de mentalidade. Aínda se escoitan voces que din: "que as mulleres non somos iguais aos homes", "que non podemos facer os mesmos traballos", "que este traballo é só de homes"... Todo isto non fai máis que continuar perpetuando unha sociedade machista e androcentrica que quere ter ás mulleres subordinadas e dependentes dos homes.

Polo tanto é necesario traballar a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos, e neste aspecto a escola ten un gran papel que desenvolver. Educar implica o desenvolvemento integral das persoas de maneira que poidamos superar as limitacións impostas polo machismo imperante na nosa sociedade.

É nestes momentos de crise cando mais vixilantes debemos estar, xa que é agora cando mais se vai a precarizar o traballo das mulleres e vai aumentar o paro feminino.



A situación económica non debe ser a excusa para que as mulleres empeoren a súa situación laboral. Queremos e podemos estar en todos os traballos é unha reivindicación que nestes momentos de recesión económica non debemos esquecer.

Este é o principal obxectivo desta unidade didáctica. Con ela queremos facer ver aos nosos alumnos/as que non hai ningunha limitación por razón de sexo á hora de desenvolver calquera profesión e así poderemos ir eliminando o que Galtung chama a "violencia cultural" que non é nin mais nin menos que o dominio do home sobre a muller para deste modo controlala e sometela.

Obxectivos

- Desmitificar os roles e estereotipos masculinos e femininos.
- Potenciar a autoestima nas mulleres, como medio para lograr todo o que se propoñan.
- Coidar o uso da linguaxe. Facer un uso non sexista da linguaxe tanto dentro como fóra das aulas.
- Propiciar unha comunicación entre sexos baseada no respecto mutuo, no coñecemento adecuado dos sexos e no diálogo como medio de resolver as diferenzas.
- Educar na igualdade de oportunidades.
- Combater a discriminación múltiple que afecta en maior medida ás mulleres inmigrantes e de minorías étnicas.
- Acabar cos obstáculos que impiden ás mulleres alcanzar unha igualdade legal e real.
- Visualizar todos os logros que fixeron as mulleres ao longo da historia.
- Promover a corresponsabilidade entre homes e mulleres.
- Estimular ás nosas alumnas para que escollan profesións que normalmente se consideraron só de homes, facéndolles ver que elas tamén poden facelo igual de ben que os homes.

Contidos

- As mulleres e a súa participación en todas as profesións.
- Traballos "só de mulleres". A feminización de certas profesións.
- Sexo e xénero, dous conceptos diferentes.
- Traballo masculino e feminino.
- As mulleres ao longo da historia.
- Estudo da linguaxe que cada un e cada unha de nós empregamos na aula.
- Conflitos na aula e a forma de os resolver.
- Traballos domésticos: Que facemos na casa?

Actividades

1.-ENTREVISTA COS PAIS E NAIS


O primeiro sería falar cos pais e nais; explicarlles os obxectivos que pretendemos e pedirilles a súa colaboración, deste modo todo o traballo que realicemos na aula será máis efectivo e eficiente.



2.- FRASES CELEBRES

Analizar co noso alumnado estas frases. Que pensen se son certas ou, do contrario, como as poderían mudar.

- "A muller é un ser feble e defectuoso." (Santo tomas de Aquino)
- "Desde a idade de 6 anos, a muller non medra máis que en dimensións" (Severo Catalina, político e escritor español)
- "Por moitas razóns non é bo que a muller estude e saiba tanto" (Moliere)
- "As mulleres nunca descubren nada. Fáltalles, por suposto, o talento creador reservado por deus para intelixencias virís" (Pilar Primo de Rivera)



3.- Enquisa para cubrir. ¿QUEN FAI AS COUSAS NA CASA?

Cos máis pequenos/as podemos enviar a enquisa á casa para que a cubran cos seus pais e nais; cos maiores podemos facela na aula. Cubre cada casilla pondo a frecuencia con que o fai cada persoa: Todos os días; De vez en cando; Un día á semana; Poucas veces; Nunca

ACTIVIDADE	MAMÁ	PAPÁ	AXUDA EXTERNA FEMININA	AXUDA EXTERNA MASCULINA	OUTRAS/OS
Limpar cristais					
Facer a compra					
Cociñar					
Levar ás nenas/ aos nenos ao médico					
Levar ás fillas/aos fillos ao colexio					
Coidarme cando estou enferma/o					
Limpar o coche					
Pasar o ferro					
Coser					
Lavar a louza					
Limpar o pó					
Facer as camas					
Ir ao banco					
Coidar das avoas/ dos avós					
Reparar avarías na casa					
Limpar cristais					
Limpar zapatos					
.....					

Seguramente as enquisas revelaranos que a maioría das actividades da casa as realizan as nais; analizar co noso alumnado por que isto é así:

- Os pais non poden cociñar, coser, reparar...?
- As nais deben facer todas as tarefas da casa?
- As mulleres poden arranxar unha lámpada, un enchufe...?
- Solucións. Escríbilas nun papel e penduralas na clase para ilas lembrando de vez en cando.

4.- VÍDEO

Busca en www.youtube.com o vídeo “Coeducación”
É un vídeo moi expresivo. Despois de velo, analizar cos alumnos e alumnas:

- Que fai o papá e o fillo na casa?
- Que fai a mamá e a filla na casa?
- Isto debe ser así?
- Sucede o mesmo na túa casa?
- Con que soñan o papá e a mamá?
- Consideras que o home pode facer as mesmas cousas que a muller?
- O pai traballa cun guindastre, coidas que a muller podería facer o traballo do pai?
- A muller traballa nunha fabrica cosendo, pensas que o podería facer o pai?
- Con que soña a mamá?
- Pensas que o papá debe facer o que soña a mamá?



- Outros vídeos que podes buscar:
- *sorkunde, a casa da igualdade.*



5.- DRAMATIZACIÓN DUN CONTO CLASICO..

Podemos escoller un conto clásico: Carapuchiña, Brancaneves, Cincenta... e dramatizalo cos nenos e as nenas. Despois podemos analizar o conto con toda a clase:

- Protagonista
- Actividades que fai o home e a muller
- Quen é o valente, forte, loitador...?
- Quen é a que limpa, a medorenta, a débil...?

Despois podemos inventar un conto novo, no que os personaxes masculinos e femininos intercambien os seus papeis. Dramatizalo e observar as diferenzas que vemos entre un e outro conto.

6.-“O RECUNCHO DA CASIÑA”

En Educación Infantil pódenos ser moi útil o recuncho da casiña; é un espazo onde podemos observar como xogan os nosos nenos e nenas. Durante un tempo podemos observar cal é o comportamento do alumnado nesa casiña:

RECUNCHO DA CASIÑA	SI	NON	ÁS VECES
As nenas teñen máis actitudes de coidado e atención tanto ás bonecas/os coma ás súas compañeiras ou compañeiros.			
Os nenos non queren ir ao recuncho da casiña			
Os nenos séntense ridículos e non queren “coidar das bonecas”			
Os nenos adoitan saír do recuncho dicindo que van traballar			
As nenas realizan máis tarefas domésticas: pasar o ferro, cociñar...			
Os nenos empregan os carriños de bonecas como se fosen coches de carreiras.			
As nenas non deixan que os nenos fagan as tarefas de limpeza			
Os nenos teñen actitudes autoritarias coas nenas			
As nenas amósanse sumisas cos nenos			
Teñen asumidos os papeis masculinos e femininos?			
.....			

Todos estes datos pódennos servir para valorar se o noso alumnado ten asumidos estereotipos sexistas; se isto é así podemos comezar a mudalos e a traballar para evitar que estes estereotipos se afiancen e se fagan cada vez máis fortes.

7.- ESCOLLER UN TRABALLO

Presentar ao noso alumnado fotografías de diferentes traballos. Pedirles que escollan a que máis lles guste e a que menos.

- Cal escolleron os nenos?. E as nenas?
- Podemos facer todos e todas os mesmos traballos?
- Por que escollín esta?
- Por que non me gusta esta profesión?


8.- PRESENZA DAS MULLERES NOS LIBROS

Para os alumnos de 5º e 6º de primaria: pedirles que busquen nos seus libros mulleres historiadoras, literatas, físicas, matemáticas, pintoras... Cantas aparecen?

Despois pedirles que busquen en internet a mulleres de cada unha das categorías anteriores. Pedirles que escriban a biografía dunha delas e que lla expoñan ao resto da clase.

9.- ENTREVISTA

Buscar a unha muller que teña un traballo pouco frecuente: bombeira, camioneira, palista..., co fin de entrevistala ou de lle pedir que veña a clase e conte como é o seu traballo, que dificultades ten, como a tratan os seus compañeiros/as, que é o que máis lle gusta, o que menos, etc.



10.- MULLERES E HOMES PRESIDENTES DE GOBERNO:

PAÍS	HOME	MULLER
España	X	
Francia	X	
Italia	X	
Gran Bretaña	X	
Alemaña		X
Grecia	X	
Suecia	X	
Noruega	X	
Holanda	X	
Finlandia		X
Romanía	X	
Polonia	X	
República Checa	X	
Eslovaquia	X	
Xapón	X	
Israel	X	

PAÍS	HOME	MULLER
España	X	
Francia	X	
Italia	X	
Gran Bretaña	X	
Alemaña		X
Grecia	X	
Suecia	X	
Noruega	X	
Holanda	X	
Finlandia		X
Romanía	X	
Polonia	X	
República Checa	X	
Eslovaquia	X	
Xapón	X	
Israel	X	

Despois de analizar a información anterior podemos formular as seguintes preguntas:

- Hai máis presidentes ou presidentas?
- Por que pasa isto?
- Cres que as mulleres son mellores ou peores presidentas de goberno?

11.- REDACCIÓN: A MULLER/HOME QUE DESEXO SER.

Traballar cos alumnos e alumnas a realización dunha redacción sobre como desexarían ser no futuro: que queren facer no futuro, en que queren traballar, onde queren vivir, se queren casar, ter fillos...

Despois lelas e comentalas en gran grupo.

12.- PROFESIÓN

Pon unha cruz debaixo de home, muller ou ambos os dous, segundo quen creas que debe realizar cada un destes traballos. Despois, coméntao con toda a clase.

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

Home Muller Ambos
<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>

13.- TRABAJO PLÁSTICO: "QUEREMOS ESTAR EN TODAS"

En pequenos grupos realizaremos un debuxo, collage, mural, que faga referencia ao título da unidade didáctica.

14.- LEDE ESTE CONTO.

RUTH QUERE SER BOMBEIRA

Madame Bovary estaba moi asustada. vira un paxaro precioso que ademais, parecía comestíbel, e perseguírao ata a pola máis alta da acacia. Era unha poliña moi delgada e estaba a punto de partir. Ruth non sabía que facer.

A súa gatiña miaba desesperadamente e ninguén podía subir a rescatala baixo perigo de se romper a crisma.

A súa nai e ela miraban ao animalíño sen atopar a solución até que á súa nai se lle ocorreu unha boa idea:

Telefonarían aos bombeiros para que viñesen a salvar a Madame Bovary.

Entrou na casa, dirixiuse para o teléfono e despois de dez longos minutos oíron a serea: NIN-NON, NIN-NON, NIN-NON. Rapidamente viron entrar polo enreixado do xardín tres persoas con uniforme vermello, casco e ferramentas nas mans.

- Que pasa señora? Preguntaron á nai.

- Que a nosa gatiña subiu á árbore e agora non pode baixar, ademais, a pola onde se empoleirou é moi delgada e está a punto de se romper, non sei se poderá resistir o seu peso.

- Non se preocupe señora, baixarémola nós.

- Sobe ti, dixéronlle ao máis delgadinho, pesas menos e irache mellor, así poderás chegar ás ramas máis finas; ademais, tamén és o máis áxil dos tres



era áxil e con moita destreza conseguiu baixar a gata da árbore. Grazas, dixo a nena e neste mesmo momento o bombeiro quitou o casco.

- Oh sorpresa! Unha guedella negra como os ollos de Madame Bovary se estendeu sobre o uniforme vermello. Era unha bombeira!

Ruth quedou coa boca aberta, non sabía que dicir:

- Pero..., es unha muller?

- E por que non?Xa viches que podo facer o mesmo que os homes e incluso, ás veces, ser unha muller ten as súas vantaxes, como agora puides observar.

E naquel mesmo momento a nena decidiu que, de maior, tamén sería bombeira para poder salvar animais, apagar incendios e axudar ás persoas nos momentos difíciles.

Entón a bombeira inclinouse e deulle un bico forte a Ruth, que entrou na casa non sen antes rifarlle duramente a Madame Bovary polo mal que se portara aquela tarde.

Àngels Cardona

Madame Bovary miaba e ensinaba as unllas, moi asustada cando viu fronte a ela aquel monstro vermello con casco e viseira que subiu tan a présa á rama onde estaba, pero o bombeiro levaba unhas boas luvas que non se deixaron atravesar polas afiadas garras da gata.

Pouco a pouco, achegouse ao animalíño falándolle con dozura. Madame Bovary tranquilizouse.

O bombeiro colleuna con moito coidado e meteuna nunha bolsa de tea.

A baixada foi máis difícil coa bolsa nas mans e as ramas da vella acacia que renxían ao menor movemento. Pero o bombeiro

- Gustouche o conto?
- Que personaxe che gustou máis?
- As nenas poden facer as mesmas cousas que os nenos?
- Pensas que unha muller pode ser bombeira?
- Que che gustaría ser de maior?
- Dramatizade o conto.
- Facede un debuxo sobre o conto.
- ...

15.- OUTROS CONTOS QUE PODEMOS UTILIZAR:

- *La cenicienta que no quería comer perdices*. Autora: Nunila López Salamero. Ilustradora: Miriam Cameros Sierra.

- *Mercedes quiere ser bombera*. Autora: Beatriz Moncó. Ilustradora Mabel Piérola.

